

FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

PADRÓN 2019

LYDIA FONTOIRA SURIS

Rosalía de Castro, *En las orillas del Sar.*

*Estudo, edición, notas
e comentarios de Anxo Angueira*

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

Rosalía de Castro, En las orillas del Sar.

Estudo, edición, notas
e comentarios de
Anxo Angueira

Rosalía de Castro
En las orillas del Sar



XERAISS
clásicos

- 📍 Vigo
- 📡 Edicións Xerais
- 📅 2019
- 📖 408 pax

Lydia Fontoira Suris

lydia.fontoira@gmail.com

O profesor Anxo Angueira no seu afán por revisar e estudar a obra de Rosalía de Castro publicou recentemente unha nova edición de *En las orillas del Sar* que vai acompañada por un interesante estudo e que complementa as anteriores edicións de *Cantares gallegos* (2013) e de *Follas novas* (2016) realizadas polo mesmo investigador.

Tradicionalmente o estudo da obra de Rosalía facíase por parcelas: por un lado a obra galega e por outro a obra en castelán; por unha banda a poesía e por outra a prosa. Grosso modo, a poesía era en galego -pois os libros iniciais en castelán non foran transcendentales socialmente e se consideraban obra de mocidade-, e a prosa en castelán, porque o *Conto galego* era pouco coñecido e os destacados prólogos a *Cantares* e a *Follas* non tiveron durante moito tempo vida independente fóra deses libros. Nesa situación xeral topamos cun problema: a existencia dun importante poemario en castelán: *En las orillas del Sar*. Quizais aí está o xermolo da súa consideración durante un tempo como o poemario da “deserción”, da deserción do galego. Pero, pensemos: realmente ía ir Rosalía contra si mesma no final dos seus días? Ía rebelarse contra o que defendeu toda a súa vida? Ela, que erguera a bandeira do uso do galego e da dignificación de Galicia. Non parece lóxico. O que debemos pensar é que naquela altura da historia os persoeiros galeguistas utilizaban comunmente o castelán para defender os intereses de Galicia. Rosalía dominaba a expresión nos dous idiomas, e nos dous deunos

grandes obras. Entra na realidade do seu entorno escribir en castelán, tamén poesía. Eu creo que non hai desafección ningunha por parte da nosa autora, que non hai tal deserción, a pesar de que a realidade vital deixara conxelada a súa creación nesta obra de 1884, un poemario en castelán.

Todo iso mudou cos avances na investigación rosaliana, e o mesmo que agora desfrutamos da consideración dunha Rosalía feminista, dunha Rosalía activista social e politicamente defensora de Galicia, tamén desfrutamos dunha Rosalía completa, dunha Rosalía da que se analiza conxuntamente toda a súa obra, sen muros nin valados. Precisamente deste feito, da lectura global, derivan esas novas visións. E esa lectura completa da súa obra nos leva a comprender que en toda ela se defenden as mesmas ideas e pertencen ao mesmo mundo. *En las orillas del Sar*, aínda que escrita en castelán, presenta o mesmo ideario e a mesma estética que *Follas novas*, coas naturais novidades creativas dunha autora culta, ao día do que se creaba, e coido eu, profundamente preocupada pola perfección do seu labor como escritora. As novidades métricas que a crítica destacou para *Orillas* xa estaban en grande medida en *Follas*, fundamentalmente o feito de prescindir con frecuencia da división tradicional do poema en estrofas.

A edición de *En las orillas del Sar* preparada por Anxo Angueira é un traballo serio, ordenado, prolixo, que non deixa detalle sen tratar nin reflexión

sen facer. Ábrese cun longo “Estudo introdutorio” que ocupa 185 páxinas nas que vai plasmando a súa investigación. Este prólogo vai seguido polos criterios de edición, que se basea como é lóxico na única publicada en vida da súa autora e desbota os poemas engadidos por Murguía na edición que preparou en 1909 que alteraban a estrutura e mesmo o significado da obra en aspectos fundamentais. Despois de permitirlle ao lector unha lectura cómoda e relaxada do texto, sen comentarios nin notas que o interrompan, vén un erudito e preciso apartado, tamén xeneroso na súa extensión, titulado “Fixación, notas e comentarios”, no que se condensa o labor filolóxico, que completa e complementa o interpretativo do prólogo. É un traballo realmente exhaustivo e ameno, e sempre de fácil consulta se un quixera utilizalo poema a poema, ou serie a serie. Péchase a edición coa bibliografía citada e o Índice.

O “Estudo introdutorio” comeza falando da xénese da obra e da importancia que para ela tivo a relación de Rosalía e Murguía con Manuel Barros, padronés establecido en Buenos Aires e que publicou no seu xornal *La Nación Española* un amplo número de poemas que pouco despois formarían parte de *Orillas*. Estúdase detalladamente a integración nesta obra de diversos poemas publicados anteriormente tamén noutros medios, e a súa datación e chega á conclusión de que os poemas de *Orillas* se compuxeron maioritariamente nos anos 1882 e 1883.

Tamén destaca a importancia que para algunhas imaxes paisaxísticas da obra tivo a residencia de Rosalía na casa do seu curmán Xosé Hermida Castro precisamente neses anos. Son as Torres de Hermida, en Lestrobe, punto de observación que, segundo o editor, xa aparecía no poema “Como chove miudiño” de *Cantares*.

Analiza a seguir as relacións entre o sistema literario galego emerxente e o español, especialmente a partir de 1880, ano que o profesor Carballo Calero chamou *annus mirabilis* da nosa literatura polas importantes obras que entón se publicaron: *Follas novas* de Rosalía, *Aires da miña terra* de Curros Enríquez e *Saudades gallegas* de Lamas Carvajal, que supuxeron a consolidación do noso campo literario. É a partir dese momento que se vai atender ao criterio filolóxico, á lingua de expresión, para definir o campo literario pero é unha concepción que vai tardar en asentarse. O novo sistema literario galego vai crear tensións e conflito co campo literario español, e ao mesmo tempo vai constituír tamén unha marca de oposición utilizada polo Rexionalismo no terreo político, porque a etapa anterior, o Provincialismo, era época de práctica bilingüe. Pensa Anxo Angueira que a primeira en utilizar este criterio filolóxico foi dona Emilia Pardo Bazán no seu discurso “La poesía regional gallega” de 1885, aínda que utilizándoo para situar a creación en galego nun plano de inferioridade. Pero o uso das dúas linguas polos nosos autores seguiría vivente. Quizais debido a ese contexto de evolución nas relacións

literarias, *En las orillas del Sar* non foi ben acollida en ningún dos dous sistemas literarios. Entramos, pois, na temática da recepción da obra, que tamén analiza minuciosamente Angueira.

O problema da suposta decisión de Rosalía de non escribir en galego trátase con detalle, como corresponde a un tema de interese social. Analiza textos e circunstancias, e conclúe que non houbo tal dimisión na súa opción lingüística, senón continuidade de uso de ambos idiomas e continuidade de temática inspiradora.

A nova estrutura dos poemas -que nesta obra derradeira son con frecuencia máis longos que en obras anteriores, ou se presentan agrupados en series-, é o aspecto que marca a evolución de Rosalía e a grande novidade desta obra para o seu editor. Segundo Angueira, Rosalía tivo unha importante intervención na disposición dos textos para a súa edición e na corrección e recomposición estrófica dos que se publicaran anteriormente en prensa, desmentindo as palabras de Murguía, quen afirmou reunir el os textos para a súa impresión en Madrid. Insiste o editor en que nesta obra Rosalía utiliza unha nova fórmula poética: agora escribe series, conxuntos longos de poemas, series que se independizan claramente a nivel tipográfico e sempre teñen un nexo semántico. Esta novidade non foi marcada, en xeral, polas edicións posteriores da obra, salvo algunha excepción. Pero agora Anxo Angueira dá valor e destaca esta característica como a grande novidade compositiva da

derradeira obra de Rosalía. Hai tamén poemas independentes na obra, poemas que non forman parte de series, pero son menos numerosos. Este aspecto tamén é tratado con todo detalle e profundidade analítica. E está ademais en relación coa modalización lírica, coa estrutura comunicativa, pois as series crean un escenario amplo e axeitado para o discurso poético.

Tamén hai neste “Estudo introdutorio” un apartado dedicado á “cartografía” da obra, con mapa incluído, que se completa no apartado seguinte, “Terra e tempo”. Este é en realidade un profundo estudo do marco pragmático, do espazo e tamén do tempo, aínda que este último en menor medida, no que non só se analizan detalles moi concretos dalgúns poemas -como por exemplo se as fiestras que aparecen son as da casa da Matanza ou as das Torres de Hermida en Lestrobe-, senón que a análise transcende ao estudo do valor simbólico dese espazo. Son dous os espazos físicos e poéticos que o Sar une na obra: Conxo e Compostela –espazo vital, poético e político-, a carón de Padrón, Iria, Lestrobe, que tamén ten as mesmas referencias. Canto ao tempo, destaca o editor que estamos ante un tempo terminal, non de adeus nin de despedidas, senón de acabamento e de desilusión. A morte está moi presente na obra. A este tema únese o da carencia de fe relixiosa e polo tanto de ningunha esperanza na inmortalidade. E tamén se une o tema do suicidio. A necesidade de xustiza, a emigración, a hipocrísia son temáticas de tipo social que aparecen na obra. Tamén Galicia como patria

oprimida. Estuda así mesmo Angueira posibles alusións, veladas, de Rosalía a outros autores como Emilio Castelar, Curros Enríquez, Pondal, Eduardo Chao. O feminismo tamén está presente, aínda que menos explícito que en *Follas novas*. E tamén vemos un tema moi querido pola autora, o da gloria literaria, nunca procurada por ela, que aparece, entre outros, no poema final da obra como pechando unha estrutura circular na súa creación que se abriría con *Lieders* en 1858, onde xa aparecía o tema: “Jamás ha dominado en mi alma la esperanza de la gloria, ni he soñado nunca con laureles que oprimiesen mi frente”.

No último apartado estuda Angueira as renovacións métricas sinaladas na obra desde os primeiros comentarios que recibiu, percorrendo a bibliografía a respecto deste tema. A este aspecto vai estreitamente unida a consideración, por parte dos seus estudosos, de Rosalía como unha autora epigonal do romanticismo, ou como unha precursora de novas tendencias poéticas ou ben xa como autora plenamente moderna.

Tanto a personalidade como a obra de Rosalía son complexas, difíciles de definir e de encadrar. Séguenos encandilando a pesar do paso do tempo, e cada vez máis, conforme a imos coñecendo mellor. E para iso resulta moi positivo este estudo tan pormenorizado e completo e esta edición tan coidada, preparados por Anxo Angueira, cos que seguiremos enriquecéndonos e disfrutando de Rosalía e aprendendo sobre ela.

Publicamos este cuarto número da revista *Follas Novas*
grazas ao patrocinio do Concello de Dodro



CONCELLO DE
DODRO



CASA DE ROSALÍA

A Matanza
15917 Padrón
981 811 204

www.rosalia.gal

**FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO**